



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

BASES DOS OBRADOIROS CULTURAIS DO CONCELLO DE MUROS PARA O CURSO 2024/25

1. Datos xerais

1.1. Os obradoiros culturais nos que poden inscribirse as persoas interesadas para o curso 2024/25 son os seguintes:

PARROQUIA/LUGAR	ACTIVIDADE
Esteiro	Arte floral, bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Tal	Bordado e traballos manuais
Abelleira	Bordado e traballos manuais
Torea	Traballos manuais
Serres	Bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Muros	Arte floral, bordado, costura e encaixe de bolillos
	Gravado e pintura
	Teatro
	Traballos manuais
Cociña	
Louro	Bordado e traballos manuais
Trasdacosta	Bordado

1.2. Se existise unha alta demanda para participar nun obradoiro non incluído na relación inicial, valorarase a posibilidade de organizalo na parroquia onde se concentre o maior número de solicitudes.

1.3. As idades esixidas para participar nas actividades son:

1.3.1. Obradoiros culturais dirixidos a nenas/os:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	Do 2017 ao 2013 (ambos incluídos)
Pintura	Do 2017 ao 2013 (ambos incluídos)

Os obradoiros culturais de teatro e pintura dirixidos a nenos e nenas poderán axustar as idades de corte en función da demanda existente, sempre dentro dos anos establecidos para participar, que van desde 2017 ata 2013. Este axuste permitirá garantir a formación de grupos equilibrados e unha mellor experiencia para as/os nenas/os participantes.

1.3.2. Obradoiros culturais dirixidos a mozas/os e persoas adultas:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	2012 ou anteriores
Pintura	2012 ou anteriores
Traballos manuais e gravado e saberes tradicionais	2012 ou anteriores
Arte floral, bordado, cociña, costura e encaixe de bolillos	2010 ou anteriores

2. Preinscricións e prazos (do 11 ao 26 de setembro)

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 11/09/2024 ao 26/09/2024
Publicación dos horarios e grupos	03/10/2024
Matrícula	Do 07/10/2024 ao 10/10/2024
Inicio das actividades	14/10/2024

2.1. Ábrese o prazo de preinscrición do 11 de setembro ao 26 de setembro.

2.2. Esta inscrición formalizarase por medio do formulario en liña:

Formulario de inscrición

As persoas interesadas comprometeranse, no momento da inscrición, a asistir aos obradoiros da súa elección e na parroquia indicada, sempre que se forme un grupo.

2.3. Só se formarán grupos que acaden un mínimo de 10 persoas inscritas.

2.4. As persoas inscritas en actividades que non formen grupo por non alcanzar o número mínimo poderán optar por outro grupo ou actividade.

2.5. Os obradoiros culturais que se constitúan, así como os seus horarios, publicaranse o 3 de outubro.

* Excepción para o "Obradoiro de cociña": Durante a preinscrición, as persoas solicitantes deberán indicar a súa preferencia para acudir ao obradoiro en quenda de mañá ou de tarde. Na medida do posible respectaranse estas preferencias, aínda que se favorecerá sempre o equilibrio no número de participantes por grupos.

3. Matrícula (do 7 ao 10 de outubro)

3.1. Para formalizar a matrícula, as persoas inscritas deberán consultar a constitución dos grupos e os seus horarios a través dos seguintes medios:

- No Centro Cultural e Xuvenil de Muros
- No 981 762 294
- Na páxina web do Concello



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Unha vez consultada a información, poderá realizarse o ingreso da cota de 30,00 € por actividade e persoa no número de conta indicado, entre o 7 e o 10 de outubro. Este pagamento permitirá participar nos obradoiros nos que se preinscribiu e se constituíran grupo.

3.2. Se despois de formalizar a matrícula algunha persoa non puidera asistir ás clases, non terá dereito á devolución da cota nin á substitución directa por outra persoa.

3.3. Non se poderá mudar de obradoiro unha vez iniciado.

4. Prazas vacantes (do 28 ao 31 de outubro)

4.1. Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 28 ao 31 de outubro no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

5. Comezo das actividades

5.1. As actividades darán comezo a partir do luns 14 de outubro.

6. Outras condicións

6.1. En caso de excesiva demanda para algunha das actividades darase prioridade ás persoas empadroadas no noso municipio.

6.2. Respectaranse as medidas sanitarias, de seguridade e civismo establecidas en cada momento.

6.3. Calquera outra circunstancia relativa aos obradoiros culturais que non apareza nestas bases será tratada de xeito individual, previa presentación de solicitude da persoa interesada.